



De esquerda a dereita: o catedrático Francisco Xavier Carballo, o autor Martín Álvarez, o director da Casa de Galicia Alfonso Palomares, o editor Alvarellos e o enxeñeiro técnico agrícola Xosé Luís Fernández

45 RECETAS CON ORTIGAS PRESENTOUSE EN MADRID CUNHA DEGUSTACIÓN GASTRONÓMICA

A Casa de Galicia en Madrid acolleu a presentación para toda España do libro *45 recetas con ortigas* do chef ourensán Martín Álvarez, a primeiro receptorio completo con ortigas publicado na Península Ibérica.

O acto de presentación enmarcouse dentro do proxecto global *Estrugas* que promove o autor do libro. Nel participaron o director da Casa de Galicia en Madrid, Alfonso Palomares, o catedrático de Tecnoloxía dos Alimentos da Universidade de Vigo, Francisco Xavier Carballo, o enxeñeiro técnico agrícola Xosé Luís Fernández, o autor Martín Álvarez, e o editor Henrique Alvarellos.

A presentación congregou a numerosos curiosos, afeccionados, e medios de comunicación especializados, que quixeron coñecer de primeira man as descoñecidas virtudes da *urtica dioica*, unha herba ata hoxe menosprezada pero que xa era valorada hai dous milenios, polos propios romanos.



PROXECTO "ESTRUGAS"

Martín Álvarez, como presidente da Asociación Cultural As Ortigas, ofrece a todos os presentes unha degustación de produtos elaborados con ortigas e de gastronomía galega en xeral: empanada, arroces, pan, doces... regados cunha selección de caldos das adegas Coto Redondo, de Rubiós (As Neves-Pontevedra).

Con esta presentación, o libro *45 receitas con ortigas* principia unha xira de promoción que o levará, xunto coas actividades propias do Proxecto Estrugas, por diferentes puntos da xeografía galega e española.



Foto: BAFYPRESS

De esquerda a dereita: o editor Alvarellos, o director da Casa de Galicia en Madrid Alfonso Palomares, o deputado do PSOE no Congreso pola provincia de Ourense Alberto Fidalgo, o catedrático de Tecnoloxía dos Alimentos da Universidade de Vigo, Francisco Xavier Carballo e o autor do libro Martín Álvarez

[Más información en www.alvarellos.info]



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52